

## **CIRCULAR 3/2021, DA SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL, PARA A ORGANIZACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS ENSIANZAS DE BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS, NAS MODALIDADES PRESENCIAL E A DISTANCIA, NOS IES E CENTROS EPA AUTORIZADOS PARA IMPARTILAS, NO CURSO 2021-2022**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional regulou o bacharelato para persoas adultas pola modalidade a distancia por orde do 26 de abril de 2007, *DOG* do 8 de maio, establecendo un bacharelato a distancia con titorías telemáticas e un bacharelato a distancia semipresencial, no que o alumnado recibe atención do profesorado a través de titorías presenciais.

A mesma Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional regulou as ensinanzas de bacharelato presencial para persoas adultas pola orde do 20 de xullo de 2009, *DOG* do 31 de xullo, pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 13 desta orde régúlese a mobilidade entre os diversos réximes de bacharelato.

O propósito das ordes citadas é ofrecer unha atención educativa adaptada ás diversas condicións e circunstancias das persoas adultas, achegando a cada persoa a oferta máis axeitada para cursar con éxito os estudos de bacharelato.

Con data de 29 de xuño de 2015 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta norma ten carácter supletorio para todo o non establecido explicitamente para o bacharelato para persoas adultas.

A Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, dita instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no o curso académico 2021-2022.

Para regular o bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, adaptándoo á normativa antes citada, e para unificar criterios de funcionamento nos centros que o imparten, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional resolve ditar as seguintes instrucións para o curso 2021-2022.

### **BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS. ASPECTOS COMÚNS**

#### **1. Condicións de acceso ao bacharelato para persoas adultas**

##### **1.1. Requisitos de idade**

- a) Con carácter xeral, poderán matricularse nas ensinanzas de calquera das modalidades do bacharelato para persoas adultas todas as persoas maiores de dezoito anos, ou que os fagan no ano 2021.
- b) Tamén poderán matricularse aquelas persoas maiores de dezaseis anos, ou que os fagan no ano 2021, que teñan un contrato laboral en vigor ou sexan deportistas de alto nivel. Calquera destas circunstancias deberá ser acreditada documentalmentemente á hora de formalizar a matrícula.
- c) A dirección do centro correspondente poderá autorizar a matriculación no bacharelato a distancia do alumnado interno en réxime pechado nun centro de reeducación de menores baixo a custodia do organismo competente da Xunta de Galicia. Para isto será necesario a certificación emitida pola persoa responsable do centro onde o menor cumpra esas medidas de internamento.



d) A persoa responsable da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá autorizar a matriculación no bacharelato pola modalidade a distancia do alumnado maior de dezaseis anos, ou que os faga no ano 2021, que non poida asistir regularmente a un centro ordinario por enfermidade ou impedimento físico. Para iso será necesario presentar a seguinte documentación: certificación médica oficial, informe da xefatura do departamento de orientación do centro de procedencia e informe da inspección educativa.

e) A persoa responsable da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá autorizar excepcionalmente, previo informe da inspección educativa, a matriculación no bacharelato presencial ou a distancia do alumnado maior de dezaseis anos, ou que os faga no ano 2021, que curse simultaneamente ensinanzas profesionais de música ou de danza.

f) A persoa responsable da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá autorizar excepcionalmente, previo informe da inspección educativa, a matriculación no bacharelato presencial ou a distancia do alumnado maior de dezaseis anos, ou que os faga no ano 2021, que curse simultaneamente ensinanzas profesionais de grao medio de artes plásticas e deseño.

g) A persoa responsable da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá autorizar excepcionalmente, previo informe da inspección educativa, a matriculación no bacharelato presencial ou a distancia do alumnado maior de dezaseis anos, ou que os faga no ano 2021, que curse simultaneamente un ciclo formativo de grao medio.

## 1. 2. Requisitos académicos

**Primeiro de bacharelato.** Poderán matricularse nas ensinanzas de primeiro de bacharelato as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Posuír o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- b) Estar en posesión do título de Técnico correspondente á Formación Profesional de Grao Medio.
- c) Estar en posesión do título de Técnico Deportivo, tras cursar as ensinanzas deportivas de Grao Medio.
- d) Ter aprobado o segundo curso do Bacharelato Unificado e Polivalente ou, como máximo, con dúas materias non superadas no conxunto dos dous cursos.
- e) Posuír o título de Técnico Auxiliar de Formación Profesional de Primeiro Grao.
- f) Ter superados os estudos do primeiro ciclo do Programa Experimental de Reforma das Ensinanzas Medias (REM).
- g) Ter superados os cursos comúns dos estudos de artes aplicadas e oficios artísticos.

**Segundo de bacharelato.** Poderán matricularse nas ensinanzas de segundo de bacharelato as persoas procedentes de réximes de ensinanzas extinguidos que cumpran algún dos requisitos académicos seguintes:

- a) Ter superado o terceiro curso do Bacharelato Unificado e Polivalente e título de Bacharel. O alumnado nestas condicións poderá matricularse en calquera modalidade de bacharelato, independentemente da especialidade pola que cursou terceiro de BUP.
- b) Ter superado terceiro curso de Formación Profesional de Segundo Grao (réxime de ensinanzas especializadas).



- c) Ter superado segundo curso de Formación Profesional de Segundo Grao (régime xeral).
- d) Ter superado primeiro curso dunha modalidade de bacharelato experimental.
- e) Ter superada a segunda especialidade ou Título de Graduado en Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.

### 1.3. Alumnado co título de Técnico de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño, e de Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza

Consonte o punto vixésimo primeiro da citada Resolución do 17 de xuño de 2021:

- O alumnado que estea en posesión do título de Técnico de Formación Profesional e desexe obter o título de Bacharel poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e da materia de Lingua Galega e Literatura.
- O alumnado que estea en posesión do título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño e desexe obter o título de Bacharel na modalidade de artes poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de artes e da materia de Lingua Galega e Literatura.
- O alumnado que estea en posesión do título de Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza e desexe obter o título de Bacharel na modalidade de artes poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de artes e da materia de Lingua Galega e Literatura.

### 1.4. Alumnado procedente do bacharelato ordinario

O alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas con materias superadas do bacharelato ordinario conservará a cualificación positiva destas no réxime de persoas adultas.

## 2. Organización xeral

- a) Durante o curso escolar 2021-2022, as materias de bacharelato impartiranse de acordo cos currículos establecidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) O alumnado que cursou e superou materias de bacharelato de acordo co establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño, e de acordo co Decreto 126/2008, do 19 de xuño, adaptará a súa matrícula á estrutura e currículo definidos polo Decreto 86/2015. A tal efecto establécense as seguintes equivalencias entre materias

Correspondencia entre materias do sistema extinguido e materias do bacharelato LOE	
Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo	Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación
Economía e organización de empresas	Economía da empresa
Filosofía I	Filosofía e cidadanía
Filosofía II	Historia da filosofía
Fundamentos do deseño	Deseño
Historia	Historia de España
Historia da música	Historia da música e da danza
Materia optativa	Materia optativa





<b>Correspondencia entre determinadas materias da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e materias establecidas na Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa</b>	
Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación	Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
Cultura audiovisual Filosofía e cidadanía Tecnoloxías da información e a comunicación Lingua estranxeira I Lingua estranxeira II Ciencias da Terra e medioambientais Ciencias para o mundo contemporáneo	Cultura Audiovisual I Filosofía Tecnoloxías da Información e a Comunicación I Primeira Lingua Estranxeira I Primeira Lingua Estranxeira II Ciencias da Terra e do Medio Ambiente Cultura Científica

- c) O alumnado que cursou e superou o primeiro curso de bacharelato completo de acordo co establecido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, incorporárase ao segundo de bacharelato para persoas adultas de acordo coa estrutura e co currículo establecidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.
- d) O alumnado que cursou as ensinanzas de segundo de bacharelato de acordo co establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño, e superou algunha materia, adaptará a súa matrícula á estrutura e currículo definidos polo Decreto 86/2015. Para ese alumnado, será obrigatorio cursar a materia obrigatoria de modalidade de segundo curso.
- e) A Orde do 19 de abril de 2018, *DOG* do 25, pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias de bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo único, establece que o alumnado cursará no segundo curso de bacharelato, na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e nas materias troncais de opción, a materia de Historia da Filosofía.

O alumnado que nos cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 realizou os estudos do segundo curso de bacharelato na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e finalizou con materias suspensas, segundo se determina no artigo 35, punto 3, do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, poderá matricularse das materias suspensas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas.

Se este alumnado se matricula soamente das materias suspensas, no curso 2021-2022 deberá matricularse da materia de Historia da Filosofía nos seguintes casos:

- Cando teña suspensas as dúas materias troncais de opción.
- Cando teña suspensa unha das dúas materias troncais de opción e decida abandonar esa materia e matricularse nunha materia nova.

### 3. Avaliación

- a) Cada departamento didáctico, de acordo coa súa programación, determinará os contidos de referencia do currículo que serán obxecto de cada avaliación, a secuencia da súa ensinanza e calquera outra circunstancia que lle facilite ao alumnado o logro dos obxectivos propostos.





- b) Realizaranse, como mínimo, tres avaliacións de carácter formativo ao longo do curso. Rematado o período lectivo, e coincidindo coa sesión da última avaliación, procederase á realización da avaliación ordinaria do alumnado.
  - c) O alumnado que non se presente a algunha ou a todas as avaliacións parciais poderá presentarse directamente ás avaliacións ordinaria ou extraordinaria.
  - d) As materias nas que o alumnado obteña cualificación positiva consideraranse definitivamente superadas.
  - e) Con carácter xeral, o alumnado matriculado en materias de primeiro curso terá dereito a dúas avaliacións finais, unha ordinaria, que se realizará a partir do 6 de xuño de 2022 e outra extraordinaria, que se realizará a partir do 23 de xuño de 2022.
  - f) Con carácter xeral, o alumnado matriculado en materias de segundo curso terá dereito a dúas avaliacións finais, unha ordinaria, que se realizará en datas que permitan a inscrición nas probas de acceso á universidade (ABAU), e outra extraordinaria, que se realizará a partir do 23 de xuño de 2022.
  - g) Porén, o alumnado matriculado en materias de primeiro e segundo no curso 2021-2022 poderá optar, na avaliación final ordinaria, entre:
    - o Adiantar a avaliación final ordinaria das materias de primeiro curso. Neste caso as sesións de avaliación final ordinaria das materias, tanto de primeiro como de segundo, adecuaranse ás datas previstas para a ABAU.
    - o Realizar a avaliación final ordinaria das materias de primeiro curso nas datas establecidas con carácter xeral no apartado e) deste punto. Neste caso as sesións de avaliación final ordinaria das materias, tanto de primeiro como de segundo, realizaranse a partir do 6 de xuño.
- O alumnado que opte por non adiantar a avaliación final ordinaria das materias de primeiro curso deberá comunicalo antes do 15 de abril de 2022 á dirección do centro correspondente, que procederá a crear grupos XADE diferenciados.
- h) O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega e Literatura durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.
  - i) O alumnado que tivese realizado estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego, non terá dereito á exención da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega e Literatura.
  - j) O alumnado maior de vinte e cinco anos ou que os cumpra no curso escolar 2021-2022 poderá solicitar perante a dirección do centro correspondente a exención da materia de Educación Física.
  - k) Para as posibles reclamacións do alumnado sobre as cualificacións obtidas nas avaliacións aplicarase o disposto para as ensinanzas do bacharelato de réxime ordinario.

#### **4. Matriculación en materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso**

A Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, DOG do 31, establece no seu artigo 7, punto 3, que o alumnado de bacharelato para persoas adultas non





se pode matricular simultaneamente por primeira vez nas ensinanzas de bacharelato en materias coa mesma denominación nos dous cursos ou de contidos progresivos.

- a) O alumnado que curse por primeira vez ensinanzas de bacharelato para persoas adultas e non cursara previamente bacharelato polo réxime ordinario non poderá matricularse simultaneamente por primeira vez nas materias coa mesma denominación ou de continuidade relacionadas no Anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) O alumnado procedente doutras comunidades autónomas poderá matricularse no segundo curso do bacharelato para persoas adultas por primeira vez e simultaneamente das materias de Lingua Galega e Literatura I e Lingua Galega e Literatura II.
- c) A superación das materias de segundo curso relacionadas no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño estará condicionada, por implicar continuidade, á superación das correspondentes materias de primeiro curso.
- d) Nas materias de opción do bloque de materias troncais e nas materias específicas o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso.

En calquera caso, a decisión de que o alumno ou alumna reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliados, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

- e) Nas materias de opción do bloque de materias troncais e nas materias específicas, cando non se opte por matricular o alumnado da correspondente materia de primeiro de bacharelato, ten que incluírse a devandita dilixencia en XADE, no apartado de Dilixencias/Observacións.

## **5. Cambio de idioma da materia Primeira Lingua Estranxeira**

Consonte o punto décimo sexto da citada Resolución do 17 de xuño de 2021, o alumnado que no segundo curso de bacharelato desexe cambiar o idioma da materia Primeira Lingua Estranxeira poderá incorporarse ás ensinanzas da lingua estranxeira II coa autorización da dirección do centro e sempre que curse simultaneamente a materia de primeiro curso. Esta solicitude realizarase no momento da matrícula e, en calquera caso, antes do inicio das actividades lectivas.

En consecuencia, no curso 2021-2022, nos casos de cambio de idioma na materia de Primeira Lingua Estranxeira en segundo curso sempre haberá que matricular o alumno ou alumna da correspondente materia de primeiro. Será requisito indispensable a superación previa da materia do primeiro curso para poder ser avaliado/a na materia de segundo.







## 6. Cambio de modalidade

Consonte o punto décimo oitavo da Resolución do 17 de xuño de 2021, o alumnado que curse bacharelato para persoas adultas poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade, ou de itinerario na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, en calquera dos dous cursos de bacharelato. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase durante os dous primeiros meses do curso, contados a partir do inicio oficial das actividades lectivas.

Dos cambios de modalidade ou de itinerario deixarase constancia mediante dilixencia no historial académico e no expediente académico.

O alumnado de segundo curso poderá cambiar de modalidade ou de itinerario, na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, de acordo coas seguintes condicións:

- a) Deberá cursar, da nova modalidade ou do novo itinerario, as materias xerais do bloque de materias troncais de segundo e, de ser o caso, as de primeiro que non tivese superado.
- b) Deberá cursar a materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.
- c) Non será necesaria a superación da materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da modalidade ou do itinerario que abandona.
- d) Deberá cursar, da nova modalidade, dúas materias do bloque de materias troncais de opción de segundo curso e, polo menos, unha de primeiro curso.
- e) As materias troncais de opción de primeiro curso superadas, da modalidade que abandona, poderán computarse: unha delas como materia troncal de opción da nova modalidade, e outra como materia específica de primeiro da nova modalidade.
- f) A materia xeral superada de primeiro curso do bloque de materias troncais propia da modalidade ou do itinerario que abandona poderá computarse como materia específica de primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.
- g) Ao finalizar o segundo curso de bacharelato o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias xerais do bloque de materias troncais de cada un dos cursos da modalidade ou itinerario polos que remata, así como catro materias de opción do bloque de materias troncais, das que polo menos tres deben ser da modalidade pola que remata, das cales dúas serán de segundo curso; a materia de Educación Física (agás aquel alumnado que cumpra as condicións establecidas no punto 3 k) desta Circular), a materia de libre configuración de Lingua Galega e Literatura e catro materias do bloque de materias específicas das establecidas polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, das cales dúas serán de primeiro curso e dúas de segundo.

## BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS PRESENCIAL

### 7. Matrícula

- a) O prazo de inscrición para acceder ás ensinanzas de bacharelato para persoas adultas será o establecido para o bacharelato de réxime ordinario. En calquera caso, consonte o artigo 6º da citada Orde do 20 de xullo de 2009, abrírase un prazo extraordinario de matrícula entre o 1 e o 10 de setembro de 2021.
- b) Os alumnos que accedan ao bacharelato de adultos presencial poderán matricularse:





- Dun curso completo.
  - De materias correspondentes a primeiro e/ou segundo curso, sempre que exista compatibilidade horaria e non se superen os 32 períodos lectivos semanais máximos establecidos para esta modalidade de bacharelato.
- c) Coa finalidade de facilitar a adecuación do itinerario formativo do alumnado ás súas posibilidades de escolarización, durante o primeiro trimestre do curso a dirección do centro, en función das posibilidades do mesmo, poderá autorizar a ampliación ou a anulación da matrícula por materias. A tal fin, o alumnado que desexe cursar materias de 1º e 2º cursos deberá matricularse inicialmente só nas materias correspondentes a primeiro. Unha vez coñecidos os horarios, poderá ampliar a matrícula co resto das materias, sempre que poida asistir semanalmente a máis do 65% das horas lectivas das mesmas, agás no caso de materias de dúas sesións semanais, que será de máis do 49%.

## 8. Horario

- a) Os períodos lectivos do bacharelato presencial para persoas adultas non serán inferiores aos corenta e cinco minutos.
- b) O horario destas ensinanzas impartirase, con carácter xeral, entre as dezasete e as vinte e dúas horas trinta minutos, de luns a venres. Dentro deste período de horario máximo, o centro establecerá o seu propio horario lectivo e, cando menos, un período de descanso, que non será inferior aos quince minutos e que se situará entre dous períodos lectivos. Atenderase, na medida do posible, as necesidades específicas do alumnado e as posibilidades e servizos do entorno no que se sitúa o centro.
- c) A persoa responsable da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá autorizar, previo informe da inspección educativa, cambios no horario sinalado no apartado anterior cando as circunstancias organizativas do centro ou as necesidades do alumnado o aconsellen.
- d) Para favorecer a conciliación da vida laboral coa vida familiar e racionalizar na medida do posible o horario do alumnado e do profesorado, o centro poderá concentrar como máximo na mesma xornada dous períodos lectivos da mesma materia.

## 9. Perda do dereito de avaliación continua

A falta de asistencia reiterada ás actividades lectivas é motivo de perda do dereito a avaliación continua nos seguintes casos:

-Nunha materia, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido para esa materia no curso completo ou cando o número de faltas de asistencia xustificadas ou sen xustificar a unha materia supere o 20% do horario establecido.

-En todas as materias, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido para o curso completo.

Ao alumnado que perda o dereito a avaliación continua informaráselle da posibilidade de trasladar a matrícula para cursar o bacharelato a distancia.





## BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS A DISTANCIA

### 10. Recursos didácticos

- a) O alumnado de bacharelato semipresencial recibirá ao comezo do curso unha guía de cada materia que oriente o seu traballo autónomo. Esta guía incluírá indicacións sobre a distribución temporal dos contidos, os criterios de avaliación, as orientacións metodolóxicas, as datas de avaliación e calquera outra información que se considere de interese para a súa aprendizaxe. A elaboración e actualización destas guías será responsabilidade dos departamentos didácticos correspondentes. O equipo directivo do centro correspondente tomará as medidas oportunas para que o alumnado reciba ou teña acceso a esta guía.
- b) Dada a natureza deste tipo de material e o proceso pedagóxico e tecnolóxico que implica a súa elaboración, o contido das guías electrónicas utilizadas no bacharelato a distancia con titorías telemáticas non poderá alterarse sen a autorización da dirección do centro.

### 11. Itinerarios formativos

- a) O alumnado que opte por cursar calquera das dúas modalidades do bacharelato a distancia poderá matricularse do número de materias que desexe de primeiro ou segundo curso, coas especificacións establecidas no puntos 4, 5, e 6 desta Circular.
- b) Cando as dispoñibilidades de espazo do centro e as limitacións de recursos de persoal impidan a matriculación do alumnado en todas as materias das que este desexe inscribirse, a dirección poderá establecer para estas modalidades de bacharelato un máximo de matriculación dun curso completo ou nove materias soltas por alumno, equivalente aos 32 períodos lectivos estipulado para a matriculación por materias soltas no bacharelato presencial. Este máximo de nove materias ampliarase ata doce no caso do alumnado que, superadas estas, poida obter o título de bacharel.
- c) Cando, durante os dous primeiros meses das actividades lectivas, queden prazas dispoñibles por abandono ou falta de asistencia das persoas matriculadas, o alumnado ao que se lle limitou a matriculación nalgunha ou nalgunhas materias poderá facer efectiva a súa matriculación nesas materias.

### 12. Dedicación do profesorado

Segundo se establece na Orde do 4 de xuño de 2012, pola que se modifica o artigo 4 da orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 13 de xuño), o profesorado que imparta docencia nesta modalidade terá 30 horas semanais de permanencia no centro. Destas 30 horas semanais, 23 serán de horario fixo no centro educativo. Destas 23 horas, 20 terán carácter lectivo. Enténdese por horas lectivas as titorías presenciais do bacharelato semipresencial e o tempo asignado ás titorías a distancia telemática, que deberán distribuírse no horario de cada docente de luns a venres, ambos incluídos.

### 13. Funcións do profesorado

Todo o alumnado que curse bacharelato a distancia terá asignado, no seu centro respectivo, un profesor ou profesora titor/a por cada unha das materias.

O profesorado titor realizará as seguintes funcións:

- a) Orientar ao alumnado na consecución dos obxectivos do bacharelato.





- b) Programar, estruturar e preparar os materiais didácticos complementarios que, xunto coa guía do alumnado, organizarán o seu traballo autónomo.
- c) Informar o alumnado dos prazos para realizar a aprendizaxe dos apartados da materia que imparta.
- d) Atender, aclarar e solucionar as cuestións que o alumnado formule sobre contidos propios das súas materias.
- e) Comunicar ao alumnado o programa de actividades que debe ir realizando ao longo do curso, hora e lugar de realización das sesións de avaliación e toda aquela información que sexa do seu interese.
- f) Supervisar a realización dos exames parciais e finais que realice o alumnado no propio centro.
- g) Desprazarse, a instancias da dirección do centro, ata os centros EPA, acuartelamentos ou outras institucións onde exista alumnado matriculado no bacharelato a distancia para supervisar a realización dos exames mencionados no apartado anterior.
- h) Facilitar á persoa coordinadora destas ensinanzas ou á xefatura de estudos, para a realización de informes, todos os datos solicitados referidos á súa función.
- i) Calquera outra función que lle for asignada pola xefatura de estudos para este réxime educativo.

## ASPECTOS ESPECÍFICOS DO BACHARELATO A DISTANCIA CON TITORÍAS TELEMÁTICAS

### 14. Matrícula do alumnado

- a) O alumnado que desexe cursar ensinanzas de bacharelato a distancia con titorías telemáticas solicitará a matrícula destas ensinanzas entre o 13 de setembro e o 26 de novembro de 2021 na secretaría do IES San Clemente de Santiago de Compostela ou a través a plataforma *on line* <https://matricula.ies Sanclemente.net> habilitada para estes efectos; na secretaría dos centros de educación e promoción de adultos (EPA) e na do IES Monte Castelo, de Burela, cuxo persoal revisará previamente a documentación entregada. Cando por razóns persoais o alumnado non se puiden desprazar ata un dos centros mencionados, o sobre de matrícula poderá remitirse por correo certificado á dirección postal do IES San Clemente: rúa San Clemente s/n, Santiago de Compostela, C.P. 15705.
- b) Cando a solicitude de matrícula for con posterioridade ás datas establecidas, a dirección do IES San Clemente poderá autorizar, ata o 29 de abril de 2022, a matriculación de alumnado escolarizado en ensinanzas equivalentes polo réxime ordinario ou presencial de adultos nos seguintes casos:
  - Cando acredite documentalmente un cambio na súa situación laboral que lle impida continuar os estudos con regularidade.
  - En caso de enfermidade prolongada acreditada.
  - Por outras circunstancias acreditadas que lle impidan continuar os estudos a través da oferta educativa ordinaria ou presencial de adultos.
- c) Igualmente, e mediante o mesmo procedemento, a dirección do centro poderá autorizar ata o 29 de abril de 2022 a matrícula fóra de prazo daquelas persoas que, polas circunstancias enumeradas no apartado anterior, desexen incorporarse ao bacharelato a distancia e non procedan doutro réxime ou modalidade de bacharelato.





- d) Excepcionalmente, o alumnado que remate estudos de educación secundaria para persoas adultas no mes de febreiro poderá realizar a matrícula do 15 ao 28 dese mesmo mes.
- e) O alumnado matriculado no bacharelato a distancia será considerado oficial para todos os efectos, polo que terá dereito de acceso aos servizos e ás instalacións do centro, e quedará suxeito a todas as súas normas de funcionamento, así como, no caso de teren menos de vinte e oito anos, ao aboamento do seguro escolar obrigatorio.

## 15. Matrícula simultánea

De acordo coa lexislación vixente, o alumnado que estea cursando bacharelato e desexe cursar algunha materia troncal de opción que non se imparta no seu centro poderá matricularse dela no bacharelato a distancia con titorías telemáticas.

O alumnado que estea matriculado nos dous últimos cursos das ensinanzas profesionais de música ou de danza e curse simultaneamente as materias xerais do bloque de materias troncais e a materia de Lingua Galega e Literatura de acordo coa disposición vixésimo segunda da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, poderá matricularse da materia Fundamentos da Arte, no suposto de que non se imparta no seu centro, no bacharelato a distancia con titorías telemáticas.

Nestes casos, o alumnado terá que solicitar a autorización correspondente á dirección do seu centro, que a remitirá á Inspección Educativa. Previo informe desta, a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá autorizar esa matrícula.

Unha vez obtida esa autorización oficial, para formalizar a matrícula no bacharelato a distancia telemático, no IES San Clemente de Santiago de Compostela, seguirase o seguinte procedemento:

- a) Como requisito previo, o alumnado solicitará a matrícula de todas as materias que desexe cursar no seu centro, incluída a materia ou materias que non se impartan nel.
- b) A dirección do centro de referencia enviará á dirección do IES San Clemente relación do alumnado que, estando matriculado no seu centro, non poida recibir atención lectiva por non impartirse na materia correspondente. Esa relación incluirá o nome do centro, os datos persoais do alumnado e a materia ou materias nas que deba ser atendido no IES San Clemente. Enviarán igualmente as autorizacións da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- c) A dirección do IES San Clemente dará de alta ese alumnado como usuario da súa aula virtual e elaborará a listaxe do alumnado que se atopa nesas condicións en cada unha das materias, con indicación do seu centro de procedencia.
- d) O alumnado realizará o seguimento das actividades lectivas da materia correspondente na aula virtual da mesma maneira que o resto do alumnado do IES San Clemente, relacionándose co seu profesorado polos procedementos establecidos.
- e) Igualmente, ese alumnado realizará as probas escritas de avaliación das materias nas que sexa atendido no IES San Clemente da mesma maneira e nos mesmos lugares que o resto do alumnado dese centro.
- f) Para rexistrar as cualificacións obtidas polo alumnado dos diferentes centros na aplicación de Xestión Administrativa da Educación, XADE, a dirección de cada un dos centros dará de alta á xefatura de estudos do IES San Clemente como profesor autorizado para rexistrar as cualificacións





correspondentes. O Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente enviará aos centros implicados as instrucións técnicas precisas para formalizar a alta mencionada neste punto.

- g) As actas coas cualificacións dese alumnado serán imprimidas e asinadas pola dirección do centro de procedencia.

## **16. Titorías telemáticas e coordinación**

A acción titorial característica do bacharelato de adultos a distancia realizarase a través da Aula Virtual do IES San Clemente, de Santiago de Compostela, utilizando os recursos dispoñibles das tecnoloxías da información. Eses recursos ofrecerán ao alumnado a posibilidade de xestión da súa propia axenda de actividade lectivas, o acceso aos materiais de información escrita e audiovisual relacionados coas súas materias de estudo e os mecanismos de comunicación e interacción cos seus titores e co resto do alumnado.

- a) Para as titorías a distancia todo o alumnado terá asignado, no IES San Clemente, unha persoa titora por cada unha das materias.
- b) O horario que o profesorado dedique ás titorías a distancia estará en función do número de alumnado matriculado en cada materia e de acordo co que regulamentariamente se determine.
- c) Cando a dispoñibilidade de medios persoais e materiais o permitan, a atención titorial telemática completarase coa atención individual telefónica.
- d) Ao inicio de curso publicaranse e comunicaranse ao alumnado o calendario de avaliacións, os servizos aos que ten acceso a través da Aula Virtual, o horario de atención telefónica, se o houber, e calquera outra información que poida ser relevante.
- e) As consultas realizadas ao titor ou á titora deberán ser resoltas e remitidas ao alumnado nun prazo máximo de vinte e catro horas despois da súa recepción. No caso de se recibiren en véspera de día non lectivo, deberán ser remitidas no inmediato día hábil seguinte.
- f) O profesorado do centro, a instancias da dirección, realizará as tarefas propias desta modalidade de ensinanza que aseguran e intensifican a comunicación e a interacción co seu alumnado, especialmente a de gravación de clases e videotitorías, tendo en conta a importancia actual da canle de comunicación visual en todos os ámbitos e, en concreto, no da educación a distancia.
- g) Igualmente, participará naquelas accións formativas promovidas pola dirección do centro e relacionadas cos aspectos específicos da metodoloxía e dos recursos propios desta modalidade de ensinanza.

A xefatura de estudos do IES San Clemente confeccionará o horario de dedicación do profesorado ás titorías a distancia para cada materia. Para organizar ese horario terá en conta a dispoñibilidade de medios técnicos e o número de profesorado e alumnado.

A dirección, por proposta da xefatura de estudos, nomeará un coordinador ou coordinadora de actividades de bacharelato a distancia, que terá unha redución dunha a seis horas semanais no horario lectivo. A persoa coordinadora do bacharelato a distancia será o colaborador directo da xefatura de estudos en todos os asuntos relacionados con estas ensinanzas, preferentemente nas tarefas de realización e coordinación das probas escritas nos centros EPA, na coordinación do foro específico da aula virtual do centro e na coordinación de actividades nos centros penitenciarios.



## **17. Relación entre o bacharelato a distancia con titorías telemáticas e o bacharelato semipresencial no IES San Clemente**

Cando a dirección do centro o considere oportuno, o alumnado matriculado no bacharelato a distancia con titorías telemáticas na modalidade de Ciencias e na de Humanidades e Ciencias Sociais poderá asistir ás titorías presenciais do bacharelato semipresencial.

## **ASPECTOS ESPECÍFICOS DO BACHARELATO A DISTANCIA SEMIPRESENCIAL**

### **18. Matrícula do alumnado**

O alumnado poderá solicitar a matrícula do número de materias que desexe, coas limitacións establecidas nos puntos 4, 5, 6 e 12 desta Circular. En calquera caso, dada a obrigatoriedade de asistencia ás titorías presenciais no bacharelato semipresencial, a matrícula nas materias de segundo curso estará condicionada á compatibilidade horaria coas de primeiro. Para tal fin, o alumnado terá información previa sobre o horario desas titorías. Unha vez formalizada a matrícula, e se fose necesario, a dirección do centro informará o alumnado da necesidade de cambiar ou non a listaxe de materias elixidas.

### **19. Prazos e procedemento de matriculación**

A solicitude de matrícula para o bacharelato a distancia semipresencial presentarase no centro onde o alumno queira seguir estas ensinanzas nos seguintes prazos:

- a) Antes do comezo do prazo de solicitude de matrícula, o centro fará público o número de prazas dispoñibles en primeiro e segundo curso de bacharelato. Este número de prazas calcularase en función do cadro de persoal do centro e da oferta de prazas por aula, que será, no caso dos centros EPA, de setenta alumnos por curso e modalidade de bacharelato, para esta modalidade de ensinanza.
- b) Como norma xeral, cada centro ofertará dous grupos de primeiro curso (un da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e outro da de Ciencias) e dous de segundo (un da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e o outro da de Ciencias).
- c) Cando as dispoñibilidades de espazo o permitan, o centro concentrará o alumnado de cada materia común e optativa nun só grupo.
- d) Se o número de solicitudes de matrícula excede das prazas ofertadas en cada centro, para a asignación desas prazas, o Consello Escolar aplicará estes criterios de preferencia, na mesma orde en que se enumeran:
  - I. Ter cursado e superado no ano escolar 2020-2021 as ensinanzas conducentes ao título de graduado en educación secundaria no centro onde se solicita a matrícula. Esta circunstancia será manifestada polo alumnado na súa solicitude de matrícula e acreditada polo centro.
  - II. Ter cursado o ano escolar 2020-2021 ensinanzas de bacharelato a distancia e recibido titorías presenciais no centro onde se solicita a matrícula. Esta circunstancia será manifestada polo alumnado na súa solicitude e acreditada polo propio centro.
  - III. A discapacidade que impida ou dificulte en alto grao a asistencia á modalidade presencial. Esta circunstancia será acreditada mediante fotocopia compulsada da certificación oficial do grao de minusvalía con descrición desta. Para a valoración deste punto, o Consello





Escolar poderá recadar a colaboración da xefatura do departamento de orientación do centro.

- IV. Estar cursando quinto ou sexto curso do grao profesional de música ou danza, en aplicación do Real Decreto 1577, 2006, BOE do 20/01/2007 e do Real Decreto 85/2007, BOE do 13/02/07. Esta circunstancia acreditarase mediante certificación oficial do conservatorio profesional de música ou de danza ou do centro autorizado onde se estean cursando esas ensinanzas ou fotocopia compulsada da mesma.
- V. Ter un contrato laboral vixente ou alta no réxime de traballadores autónomos. Esta circunstancia será acreditada mediante certificación do INSS de estar dado de alta na seguridade social na data da solicitude de matrícula ou mediante fotocopia compulsada da mesma.
- VI. Ter obrigas familiares ineludibles que impidan a asistencia ao bacharelato presencial, que será acreditado mediante informe dos servizos sociais municipais ou da policía municipal onde o alumno ou a alumna resida, ou fotocopia compulsada deles.
- VII. Menor renda persoal do alumnado con ingresos ou da unidade familiar á que se pertenza. De conformidade co establecido no punto 10 do artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e nos artigos 95.1º, epígrafe k e 95.2º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na solicitude de admisión os interesados autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da renda anual persoal do alumnado con ingresos ou da unidade familiar na que convive, que será subministrada directamente á Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola Axencia Estatal e Administración Tributaria, a través de medios informáticos ou telemáticos, no marco de colaboración entre ambas. A dita información será a que corresponda ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude.

No caso de que a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña de datos da declaración da renda das persoas físicas do alumnado con ingresos ou dos suxeitos integrantes da unidade familiar, estes deberán achegar certificación de haberes, ou calquera outro documento de cada un deles, correspondente ao último exercicio fiscal.

Na documentación de solicitude de matrícula, o alumnado con ingresos propios ou os cónxuxes integrados na unidade familiar na que convive o alumno ou alumna asinarán a autorización para que o órgano autorizado da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Xefatura territorial ou Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional) solicite da Axencia Estatal e Administración Tributaria os datos fiscais correspondentes.

- e) Cando se produza empate entre dous ou máis alumnos despois da aplicación dun deses criterios, se fose necesario, aplicarase o criterio da renda menor da unidade familiar para establecer a orde de prelación entre eles.
- f) O alumnado presentará a súa solicitude de matrícula no centro correspondente nas datas previstas no artigo 7º da citada Orde do 26 de abril de 2007 (DOG do 8 de maio). Abrirase un segundo prazo de entrega de solicitudes entre o 1 e o 10 de setembro de 2021. O alumnado deberá presentar os seguintes documentos:
  - Impresos de matrícula no que consignará os seus datos persoais e as materias das que desexa matricularse.







- Fotocopia compulsada da certificación académica necesaria para facer efectiva a súa matriculación.
  - Certificación, ou fotocopia compulsada da mesma, de calquera das circunstancias enumeradas no apartado anterior. En calquera caso, a documentación correspondente á renda da unidade familiar.
- g) O día 16 de setembro de 2021 publicarase no taboleiro do centro a listaxe ordenada do alumnado admitido, con indicación do criterio aplicado en cada caso, e a listaxe ordenada do alumnado non admitido.
- h) O alumnado poderá presentar reclamación sobre a listaxe publicada de adxudicación de prazas entre o día 17 e o 23 de setembro de 2021.
- i) O 24 de setembro de 2021 publicarase a listaxe definitiva de admitidos. Os alumnos menores de vinte e oito anos entregarán xustificante de ter realizado o ingreso das taxas correspondentes ao seguro escolar antes do 16 de outubro de 2021.

## 20. Perda do dereito de asistencia ás titorías presenciais

Se un alumno ou alumna non asiste a ningunha das titorías presenciais das materias das que estea matriculado durante o primeiro mes, contado a partir do día en que estas comecen efectivamente, sen causa xustificada documentalmente, perderá o dereito de asistencia ás titorías presenciais. Unha vez transcorrido o prazo mencionado, tras a reunión do Consello Escolar, a dirección do centro comunicará ao interesado esa circunstancia para que presente xustificación documental da causa da súa non asistencia. En caso de que non presente esa xustificación ou de que a dirección do centro estime que non queda suficientemente xustificada, comunicarlle por escrito a perda do dereito á asistencia ás titorías presenciais e a súa baixa no bacharelato semipresencial. O alumno ou alumna será informado de que pode continuar estudos mediante o traslado da súa matrícula ao bacharelato a distancia con titorías telemáticas. O centro poderá matricular no bacharelato semipresencial o alumno ou alumna que ocupe o primeiro lugar entre os que non obtiveron praza.

## 21. Matrícula fóra de prazo

- a) Cando existan prazas dispoñibles no bacharelato a distancia semipresencial, a dirección do centro poderá autorizar a matrícula fóra de prazo ata o 31 de marzo de 2022 os seguintes casos:
- Cando o alumnado escolarizado en ensinanza equivalente polo réxime presencial ordinario ou de adultos acredite documentalmente un cambio na súa situación laboral que lle impida continuar os estudos con regularidade.
  - En caso de enfermidade prolongada acreditada.
  - Por outras circunstancias excepcionais acreditadas que lle impidan continuar os estudos a través da oferta ordinaria ou presencial de adultos. Para a valoración destas circunstancias a dirección recadará o informe do departamento de orientación educativa.
- b) Excepcionalmente, o alumnado que remate estudos de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas no mes de febreiro poderá realizar a matrícula do 15 ao 28 dese mesmo mes.





## 22. Tutorías

- a) A atención do alumnado do bacharelato de adultos a distancia semipresencial realizarase fundamentalmente a través de tutorías presenciais, que serán de dous tipos: tutorías lectivas e tutorías de orientación.
- b) As tutorías lectivas dedicaranse a abordar co alumnado os aspectos fundamentais da materia correspondente. Estas tutorías serán de asistencia obrigatoria para o alumnado.
- c) A falta non xustificada de asistencia ao trinta por cento das tutorías lectivas asignadas no cómputo anual a unha materia suporá a perda do dereito ás avaliacións parciais da mesma que se realizan ao longo do curso, podendo o alumnado presentarse exclusivamente á avaliación final. Non obstante, con carácter excepcional, e coa finalidade de facilitarles ás persoas adultas a permanencia no ensino de bacharelato, cando se dean circunstancias acreditadas documentalmente que impidan asistir ás tutorías dalgunhas materias, a Inspección educativa, logo do informe da dirección do centro e por petición da persoa interesada, poderá autorizar a exención da obrigatoriedade de asistir regularmente a elas.
- d) O alumnado que perda o dereito ás avaliacións parciais dalgunha materia pola falta de asistencia ao trinta por cento das tutorías presenciais poderá solicitar o traslado da súa matrícula á modalidade de bacharelato a distancia con tutorías telemáticas. Este cambio será único ao longo do curso escolar. Cando a falta de asistencia mencionada se produza como mínimo na metade das materias das que estea matriculado, o centro correspondente notificaralle que a súa matrícula se traslada ao bacharelato con tutorías telemáticas. Cando o número de materias nas que o alumnado estea matriculado non sexa par, para calcular a metade sumaráselle un a ese número.
- e) Igualmente, a matrícula do alumnado que non se presente á primeira avaliación de ningunha das materias das que estea matriculado trasladarase ao bacharelato con tutorías telemáticas.
- f) O equipo directivo do centro establecerá procedementos concretos de control da asistencia do alumnado ás tutorías presenciais mediante sinatura do alumnado ou calquera outro mecanismo que permita a comprobación desa asistencia.
- g) A xefatura de estudos asignará, no horario do centro, un período lectivo semanal de tutoría lectiva a cada materia.
- h) Cando non exista profesorado no centro para a impartir algunhas destas tutorías, o departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través do Servizo de Inspección Educativa, nomeará para esta tarefa profesorado doutros centros con horario dispoñible, preferentemente dos institutos de educación secundaria próximos ao centro.
- i) As tutorías de orientación dedicaranse a solucionar as dúbidas que suscite no alumnado o estudo da materia e os problemas atopados no desenvolvemento do seu traballo autónomo, así como a realizar as orientacións que se aconsellen para o mellor aproveitamento do seu estudo. En cada centro ofertarase unha tutoría de orientación con periodicidade quincenal en cada materia. Cando se elabore o horario do centro, o equipo directivo do mesmo poderá sinalar un mesmo período temporal de tutoría de orientación para diferentes materias de bacharelato a distancia ou para diferentes niveis de ensinanzas de adultos.
- j) As tutorías lectivas impartiranse, con carácter xeral, entre as dezaioito trinta horas e as vinte e tres horas, de luns a venres. Cando polas necesidades do alumnado (horario laboral vespertino ou traballo en quendas) sexa conveniente establecer outro horario para estas tutorías, o equipo





directivo do centro realizará a proposta do novo horario, que deberá contar coa autorización expresa da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, logo do informe da inspección educativa, que considerará especialmente as circunstancias enumeradas antes. Este novo horario poderá establecerse, cando a dispoñibilidade do profesorado o permita, en quendas de mañá e tarde.

- k) O horario das titorías lectivas poderá concentrarse en tres días para adaptarse mellor ás posibilidades de asistencia do alumnado adulto. Cando a dirección do centro considere necesaria esta concentración, solicitará autorización ao departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que poderá autorizala, logo do informe da inspección educativa.
- l) Cando un centro solicite simultaneamente os cambios de horario referidos nos anteriores apartados j) e k), a autorización, previo informe da Inspección Educativa, será realizada globalmente pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
- m) Cando a dispoñibilidade de medios persoais e materiais o permitan, o alumnado do bacharelato a distancia semipresencial terá acceso aos recursos educativos do bacharelato a distancia baixo a supervisión do seu titor ou titora. A dirección do centro adoptará as medidas oportunas para que o alumnado de bacharelato semipresencial teña acceso aos instrumentos e mecanismos de información e interacción proporcionados polas tecnoloxías da información e comunicación, que completarán así a atención que o alumnado recibe a través das titorías presenciais. A dirección do IES San Clemente, de Santiago de Compostela, colaborará, na medida dos recursos dispoñibles, para a consecución deste obxectivo a través da súa aula virtual.

## **ASPECTOS ORGANIZATIVOS ESPECÍFICOS DOS CENTROS EPA E DO IES MONTE CASTELO**

### **23. Aspectos organizativos específicos dos centros EPA e do IES Monte Castelo de Burela**

- a) Durante o prazo de matriculación do alumnado de bacharelato a distancia con titorías telemáticas, o persoal administrativo das secretarías dos centros EPA e do IES Monte Castelo de Burela recollerán os sobres de matriculación do alumnado que desexe seguir esas ensinanzas. Ese persoal revisará previamente se a documentación incluída nos sobres se corresponde coa que se lle esixe ao alumnado de acordo coa normativa vixente.
- b) Para a realización das avaliacións do alumnado de bacharelato a distancia con titorías telemáticas que reside na comarca onde está situado o centro EPA e o IES Monte Castelo de Burela, a dirección destes centros poñerá a disposición dese alumnado os locais axeitados. A vixilancia da realización das probas escritas será efectuada polo profesorado do IES San Clemente desprazado para este efecto ata os centros correspondentes.
- c) Nos centros EPA, a dirección, por proposta da xefatura de estudos, nomeará unha persoa coordinadora de actividades de bacharelato a distancia, que terá unha redución de unha a tres horas semanais no horario lectivo.

## **ATENCIÓN DO ALUMNADO INTERNO EN CENTROS PENITENCIARIOS**

### **24. Atención do alumnado interno en centros penitenciarios**

O alumnado interno dos centros EPA de Bonxe, Monterroso e Pereiro de Aguiar que desexe seguir as ensinanzas de bacharelato realizará a súa matrícula no IES San Clemente, na modalidade de bacharelato con titorías telemáticas.





O profesorado de educación secundaria que estea destinado neses centros EPA prestará atención presencial a este alumnado, dentro das posibilidades do seu horario.

Como criterios de carácter xeral, para levar a cabo a atención deste alumnado terase en conta o seguinte:

- a) No mes de setembro, o equipo directivo do IES San Clemente manterá unha reunión co profesorado dos centros EPA mencionados co fin de planificar a oferta educativa, coñecer o número de posibles alumnos e entregar a documentación de matrícula.
- b) Posteriormente, profesorado do IES San Clemente desprazarase aos centros EPA para informar o alumnado sobre o sistema de ensinanza a distancia, así como da organización do plan de traballo.
- c) Ao finalizar o primeiro trimestre do curso, o profesorado responsable desta tarefa avaliará o plan de traballo e os rendementos do alumnado para introducir as correccións que sexan convenientes e os plans de recuperación.
- d) Este mesmo proceso seguirase nas convocatorias da segunda e da terceira avaliación, así como nas probas finais para o alumnado que proceda.

A xefatura de estudos e o profesorado do IES San Clemente manterán contactos periódicos co profesorado dos mencionados centros EPA con sede nos centros penitenciarios, co fin de facilitar a mellor atención a este alumnado.

## **AUTORIZACIÓN DE ENSINANZAS**

### **25. Autorización de ensanzas**

Os centros autorizados para impartir ensanzas de bacharelato para persoas adultas son os que establece a orde do 11 de xuño de 2010 (Orde pola que se autorizan as ensanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, *DOG* do 21 de xuño), a Orde de 20 de agosto de 2012 pola que se autoriza o bacharelato para persoas adultas na modalidade semipresencial no centro público de educación e promoción de adultos de Teixeira (Curtis) e a Orde do 1 de outubro de 2014 pola que se autorizan as ensanzas de bacharelato semipresencial para persoas adultas, modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais, no IES Antón Losada Diéguez da Estrada (*DOG* de 22).

## **ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID**

A Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, establece que os centros educativos cumprirán as medidas que se establezan no Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia que estea vixente no curso 2021-2022.

Tendo en conta a posibilidade de que no curso 2021-2022 se produza unha nova situación de crise sanitaria, cómpre establecer unha serie de orientacións para lle dar resposta a ese escenario.

### **Modalidade de bacharelato presencial**

Na modalidade presencial seguiranse as instrucións que se diten para o bacharelato ordinario.



## **Modalidade de bacharelato a distancia**

### **a. Modalidade a distancia con apoio de titorías telemáticas**

Dado que esta modalidade se desenvolve integramente por medios telemáticos, o peche dos centros educativos ou a suspensión das actividades docentes presenciais non suporán ningún cambio na metodoloxía didáctica, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis das distintas materias. A actividade educativa continuará a través das aulas virtuais das diferentes materias.

Os centros docentes acentuarán as medidas organizativas que garantan una comunicación eficaz e fluída por medios telemáticos e telefónicos entre alumnado e profesorado.

No caso de que a situación sanitaria non permita a realización de exames presenciais, as probas das distintas avaliacións poderán ser substituídas por probas telemáticas.

### **b. Modalidade a distancia semipresencial**

Nesta modalidade, baseada no traballo autónomo dos estudantes orientado mediante titorías presenciais, terase en conta a previsión de posibles períodos de confinamento ou de suspensión das actividades docentes presenciais e na programación xeral anual dos centros incluíranse as estratexias organizativas necesarias para garantir o adecuado desenvolvemento da actividade educativa adaptándoa a eses períodos excepcionais.

Os equipos directivos dos centros adoptarán as medidas oportunas para que, ao longo da primeira semana de curso, todo o alumnado reciba ou teña acceso á guía de cada materia que oriente o traballo autónomo característico do bacharelato a distancia; esta guía incluírá todas as indicacións e informacións precisas para o desenvolvemento do curso en calquera escenario.

No caso de que se produza unha situación de confinamento ou de suspensión de actividades presenciais será precisa a aplicación dun cambio na acción titorial no que as titorías lectivas e de orientación serán substituídas por titorías telemáticas que se desenvolverán pola mesma canle que se emprega habitualmente nos contactos entre profesorado e alumnado nesta modalidade de bacharelato. Estas titorías de carácter telemático organizaranse de xeito que poidan substituír plenamente as titorías presenciais. Este cambio na acción titorial non implicará modificación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis das distintas materias.

Os centros docentes potenciarán as medidas organizativas que garantan una comunicación eficaz e fluída por medios telemáticos e telefónicos entre alumnado e profesorado.

No caso de que a situación sanitaria non permita a realización de exames presenciais, as probas das distintas avaliacións poderán ser substituídas por probas telemáticas.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2021

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema



## ANEXO I

### Organización e carga horaria semanal do primeiro curso do bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial

Materias	Modalidade de Ciencias	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Artes
		Humanidades	Ciencias sociais	
Lingua Galega e Literatura I	3	3	3	3
Lingua Castelá e Literatura I	3	3	3	3
Primeira Lingua Estranxeira I	3	3	3	3
Filosofía	3	3	3	3
Educación Física	2	2	2	2
Matemáticas I	4			
Bioloxía e Xeoloxía	4*			
Debuxo Técnico I	4*			
Física e Química	4*			
Latín I		4		
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I			4	
Economía		4*	4*	
Grego I		4*	4*	
Historia do Mundo Contemporáneo		4*	4*	4*
Literatura Universal		4*	4*	4*
Fundamentos de Arte I				4
Cultura Audiovisual I				4*
Debuxo Artístico I				3**
Volume				3**
Tecnoloxía Industrial I	3**	3**	3**	3**
Cultura Científica	2**	2**	2**	2**
Segunda lingua estranxeira I	2**	2**	2**	2**
Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	2**	2**	2**	2**
Relixión	1**	1**	1**	1**
<b>Totais horas máximas</b>	<b>32</b>	<b>32</b>	<b>32</b>	<b>32</b>

\* Materias troncais de opción. Hai que elixir dúas.  
\*\* Materias específicas. Deben escollerse dúas. Como materia específica tamén pode escollerse unha materia troncal non cursada.





## ANEXO II

### Organización e carga horaria semanal do segundo curso do bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial

Materias	Modalidade de Ciencias	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Artes
		Humanidades	Ciencias sociais	
Lingua Galega e Literatura II	3	3	3	3
Lingua Castelá e Literatura II	3	3	3	3
Primeira Lingua Estranxeira II	3	3	3	3
Historia de España	3	3	3	3
Matemáticas II	4			
Latín II		4		
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II			4	
Bioloxía	4*			
Debuxo Técnico II	4*			
Física	4*			
Química	4*			
Xeoloxía	4*			
Historia da Filosofía		4***	4***	
Economía da Empresa		4*	4*	
Xeografía		4*	4*	
Grego II		4*	4*	
Historia da Arte		4*	4*	
Fundamentos da Arte II				4
Artes Escénicas				4*
Cultura Audiovisual II				4*
Deseño				4*
Debuxo Artístico II				3**
Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica				3**
Tecnoloxía Industrial II	3**	3**	3**	3**
Ciencias da Terra e do Medioambiente	3**	3**	3**	3**
Segunda Lingua Estranxeira II	3**	3**	3**	3**
Tecnoloxías da Información e da Comunicación II	3**	3**	3**	3**
Historia da Música e da Danza	3**	3**	3**	3**
Psicoloxía	3**	3**	3**	3**
Relixión	1**	1**	1**	1**
Totais horas máximas	32	32	32	32

\* Materias troncais de opción. Hai que elixir dúas.  
 \*\* Materias específicas. Deben escollerse dúas. Como materia específica tamén pode escollerse unha materia troncal non cursada.  
 \*\*\* O alumnado que opte pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais deberá cursar obrigatoriamente a materia de Historia da Filosofía como materia troncal de opción.





### ANEXO III

#### Horario de titorías presenciais lectivas para o bacharelato de adultos a distancia semipresencial

Curso	Materias troncais (4)	Horas	Materias troncais de opción (2)	Horas	Materias específicas (3)	Horas	Materias de libre configuración autonómica (1)	Horas	Total Horas
1ª	1. Lingua Castelá e Literatura I	1	1ª materia troncal de opción 2ª materia troncal de opción	1	Sempre: - Educación física  Elixir dúas: 1ª materia específica 2ª materia específica	1	Lingua Galega e Literatura I	1	
	2. Primeira Lingua Estranxeira I	1		1					
	3. Filosofía	1							
	4.								
	- Ciencias: Matemáticas I	1							
	- Humanidades: Latín I	1							
	- Ciencias Sociais: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	1							
	<b>Suman</b>	<b>4</b>	<b>Suman</b>	<b>2</b>	<b>Suman</b>	<b>3</b>	<b>Suman</b>	<b>1</b>	<b>10</b>

Curso	Materias troncais (4)	Horas	Materias troncais de opción (2)	Horas	Materias específicas (2)	Horas	Materias de libre configuración autonómica (1)	Horas	Total Horas
2º	1. Lingua Castelá e Literatura II	1	1ª materia troncal de opción 2ª materia troncal de opción	1	Elixir dúas: 1ª materia específica 2ª materia específica	1	Lingua Galega e Literatura II	1	
	2. Primeira Lingua Estranxeira II	1		1					
	3. Historia de España	1							
	4.								
	- Ciencias: Matemáticas II	1							
	- Humanidades: Latín II	1							
	- Ciencias Sociais: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	1							
	<b>Suman</b>	<b>4</b>	<b>Suman</b>	<b>2</b>	<b>Suman</b>	<b>2</b>	<b>Suman</b>	<b>1</b>	<b>9</b>

